

Na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo que tivo lugar o xoves, día 19 de decembro de 2024, ás 12.30 h en segunda convocatoria no Salón de Graos do centro acordouse:

- Aprobar a acta da sesión do 26 de novembro de 2024.
- Aprobar os informes de coordinación dos títulos de grao e de mestrado do centro correspondentes ao curso académico 2023-2024.
- Aprobar o Informe Anual de Seguimento do PAT-ANEAE correspondente ao curso académico 2023-2024.
- Aprobar o Informe Anual de Seguimento do Plan de Promoción do Centro correspondente ao curso académico 2023/2024.
- Aprobar os procedementos de calidade "C-01 Admisión, Evolución e Expedición de Títulos Oficiais", "DE-03 Revisión pola Dirección", "DO-0204 Xestión das Prácticas Académicas Externas" e "MC-02 Xestión das Queixas, Suxestións e Parabéns".
- Aprobar o Plan Estratéxico do Centro.
- Aprobar a posición do centro sobre o Grao en Dereito ofertado pola Universidade Intercontinental da Empresa.
- Aprobar a delegación na Comisión Permanente da Xunta de Facultade da competencia para avaliar os informes dos méritos docentes (quinquenios) correspondentes á convocatoria do ano 2024.

*(asinado dixitalmente)*

O Secretario

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, consonte ao disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.